

Código do documento <b>USG12I00BJ</b>	Código do expediente <b>USG/2018/42</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)  2560 1M4I 3X1B 0U21 OS2A	

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3 DE ABRIL DE 2018.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde accidental , D. Diego Antonio Taibo Monelos

**ASISTENTES:**

Dª Mª Guadalupe Pombo Carril  
Dª Mª Carmen Varela Corbelle  
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
Dª Marta Mª Iglesias Becerra  
D. Miguel Suárez García  
Dª Marta Mª Figueira Fuentes

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**

Dª Vanesa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**

Dª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e dez minutos do día tres de abril do ano douce mil dezaoito, reúñese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde accidental, (resolución do 3 de abril de 2018), D. Diego Antonio Taibo Monelos e coa asistencia dos/as concelleiros/as Dª Mª Guadalupe Pombo Carril, Dª Mª Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, Dª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e Dª Marta Mª Figueira Fuentes.

Asiste á sesión a interventora municipal, Dª Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 26 DE MARZO DE 2018.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algúnsha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de marzo de douce mil dezaoito, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declarase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 26 de marzo de 2018.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNNS. PUBLICACIÓNNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Resolución do 19 de marzo de 2018, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se convoca un curso práctico sobre responsabilidade patrimonial das entidades locais para empregados/as públicos/as das entidades locais e do sector público autonómico de Galicia. DOG núm. 61 do 27-03-2018.
- Resolución do 12 de marzo de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria -Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral-, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 8 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 23017 (Diario Oficial de Galicia número 58, do 23 de marzo). DOG núm. 61 do 27-03-2018.



Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I00BJ</b>	<b>USG/2018/42</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	2560 1M4I 3X1B 0U21 OS2A

- Resolución do 22 de marzo de 2018, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos descentralizados para realizar 16 edicións dun curso sobre formación en desfibrilación semiautomática externa (DESA) para persoal das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 62 do 28-03-2018.
- Resolución do 15 de marzo de 2018, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se convoca, para a anualidade de 2018, o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes. DOG núm. 62 do 28-03-2018.
- Orde do 26 de febreiro de 2018, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen ánimo de lucro, entidades locais galegas e agrupacións de concellos, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2018. DOG núm. 62 do 28-03-2018.
- Orde do 15 de marzo de 2018, de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018. DOG núm. 63 do 02-04-2018.
- Orde do 16 de marzo de 2018, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede á súa convocatoria (ED115A). DOG núm. 63 do 02-04-2018.
- Resolución do 22 de marzo de 2018, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se convoca o I Curso superior sobre contratación pública de innovación. DOG núm. 63 do 02-04-2018.
- Anuncio do 1 de marzo de 2018, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio -Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático-, polo que se fai público o informe ambiental estratéxico do Plan especial de dotacións para centro docente, na Ribeira (Sésamo), no concello de Culleredo, promovido por O Castro British School A Coruña, SL (expediente 2017AAE2127; código 2022/2017). DOG núm. 63 do 02-04-2018.
- Anuncio do 22 de marzo de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á exposición pública do padrón da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga e polo servizo de depuración de augas residuais, así como do canon da auga correspondente ao 1º trimestre de 2018. BOP núm. 60 do 28-03-2018.
- Anuncio do 26 de marzo de 2018, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación das bases reguladoras do Programa de subvencións a empresas audiovisuais para apoiar a distribución, comercialización e exhibición audiovisual en lingua galega na provincia da Coruña durante o ano 2018. BOP núm. 60 do 28-03-2018.
- Anuncio do 26 de marzo de 2018, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación das bases específicas do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o desenvolvemento de programas de políticas de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero no ano 2018. BOP núm. 60 do 28-03-2018.
- Anuncio do 27 de febreiro de 2018, do Concello de Culleredo, relativo á asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego Antonio Taibo Monelos o día 26 de febreiro de 13.00 a 15.00 horas e durante o dia 27 de febreiro de 2018. BOP núm. 61 do 02-04-2018.

## 2.2.- RESOLUCIÓNNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da ÁREA de Benestar Social e Igualdade:



Código do documento <b>USG12I00BJ</b>	Código do expediente <b>USG/2018/42</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
2560 1M4I 3X1B 0U21 OS2A	

**\*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD)**  
conforme ao *Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.*

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
16/03/18	374	Conceder unha ampliación no servizo municipal de Axuda no fogar.	F. M. B. V.	Dez horas á semana (agás festivos).
16/13/18	375	Baixa no servizo de Xantar na casa, Teleasistencia domiciliaria e o servizo municipal de Axuda no fogar.	T. P. P.	

**\*\*PRESTACIÓN ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
29/01/2018	150	Conceder unha axuda económica	G.P.	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xullo(350€), agosto(350€) e setembro(350€) de 2017 .	1.050€
21/02/2018	247	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	E.L.B.	Pago do recibo de auga do 4º trimestre de 2017 (54,79€), e dos recibos de electricidade correspondentes ao periodo do 20/09/2017 ao 19/10/2017 (15,50€) e do 20/11/2017 ao 18/12/2017 (23,73€).	
26/02/18	286	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	M.U.L.G.	Pago de recibo de luz sendo o importe da factura de 42.01€ correspondente ao período de 05 de setembro de 2017 a 04 de outubro de 2017.	18,40 €

2.2.2.- A Sra. Varela Corbelles dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

**ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN:**



C.M.F.P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
<b>USG12I00BJ</b>	<b>USG/2018/42</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	2560 1M4I 3X1B 0U21 0S2A

## ***EDUCACULLEREDO 2017/2018***

Actividade: *O mundo das abellas.*  
 Programa: Educación ambiental.  
 Datas: 5 e 6 de abril.  
 Horario: de 10:00 a 12:30 h.  
 Colexios participantes: "Sofía Casanova" e "Ría do Burgo".  
 Curso: 4º de EP  
 Lugar: Aula de Batureza e Xardín Botánico do Burgo.  
 Participantes: 120.

### **ACTIVIDADES CULTURAIS**

#### **XOVES 5 DE ABRIL**

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:  
 Tertulia de Arte: *O xardín como metáfora visual*, con Luisa Valdés.  
 Entrada libre.

#### **VENRES 6 DE ABRIL**

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:  
 Contacontos coa Dragona Ramona: *O que escoitou a xoaniña.*  
 A partir de 3 anos. Entrada libre."

### **3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

C.I.F. P-1503100-H

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace  
 O alcalde accidental

Diego Antonio Taibo Monelos

